

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/6	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	28 DE MAIO de 2020
Duración	Desde as 21:00 ata as 22:45 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	ANDRES BUSTO ALLO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SÍ
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SÍ
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SÍ
78793193T	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SÍ
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SÍ
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SÍ



Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

O Pleno da Corporación, trala correspondente deliberación e por unanimidade, acorda a aprobación das actas da sesións anteriores, celebradas con datas do 27/02/2020; 10/03/2020; 02/04/2020, coa aclaración feita pola Sa. Molinos Vidal respecto a que na acta do 27.02.2020, na páxina 3, punto, no terceiro parágrafo a intervención atribuída ao PP debe ser atribuída ao BNG.

2.- Expediente 206/2020. CONVENIOS. APROBACION DA ADHESIÓN AO CONVENIO COA XUNTA-AGSP PARA A SELECCIÓN DE POLICIAS LOCAIS, AUXILIARES DE P.LOCAL E VIXIANTES MUNICIPAIS

DEBATE

- Introduce brevemente o punto o Sr. Alcalde facendo unha breve exposición da proposta sinalando que a medio prazo manexan a previsión de cubrir o posto de policía local agora vacante e manifestando que a intención inmediata é contratar no verán varios auxiliares de policía local.

A voceira do Partido Popular Sra. Molinos Vidal manifesta a súa sorpresa porque no expediente figura informe de Secretaría e non o de Intervención, a pesares que se fai mención a él na proposta de Alcaldía, polo que se solicita unha aclaración sobre este aspecto.

No seu turno de palabra, o Sr. Núñez Fernández, en representación do BNG expón que o seu grupo está de acordo coa solución das carencias actuais na Policía , pero non lle parece ben esta forma de facelo, xa que supón unha interferencia na xestión interna da Corporación ao facer as convocatorias dende a Xunta. Sinala tamén que a oposición perde capacidade de control político, rematando a súa exposición que o seu grupo está de acordo no fondo pero non na forma.

Seguidamente o voceiro do Grupo mixto-PSOE, Sr. Caamaño Lestón, presenta unha enmenda parcial á proposta de acordo que lee íntegramente e, en síntese,



introduce unha modificación no apartado segundo da proposta de acordo, no eido de levar previamente á comisión informativa de servizos a proposta concreta do número de efectivos a solicitar á AGASP cada vez que esto se produza e que dito acordo teña carácter vinculante.

Toma a palabra o Sr. alcalde para contestarlle á voceira do PP que non fai falta o informe de Intervención neste punto da tramitación pero si no momento que se concrete a petición á AGASP, é dicir, no momento da execución do convenio.

Seguidamente e contestando ao BNG, que esta delegación da competencia do concello faise por eficacia e eficiencia, xa que o concello non dispón de medios e cita como exemplo o proceso de barrendeiro, no cal se necesita persoal externo para elaborar a proba práctica. Remata este turno contestándelle ao Sr. Caamaño Lestón que entende as súas cautelas e non ten problema por levalo a proposta concreta cada vez á comisión informativa retrasará o procedemento e manifesta as dúbidas de ter que levalo tamén ao Pleno.

Tras un breve intercambio de opinións entre os voceiros dos grupos municipais, no cal a Sra. Molinos Vidal pide que se elimine a referencia ao informe de intervención na proposta de acordo, o Sr. Núñez Fernández reitera a súa posición de que ceder competencias non é positivo e o Sr. Caamaño Lestón manifesta a súa vontade de transaccionar a súa enmenda á proposta, chégase a un acordo na redacción da proposta de acordo.

Rematado o debate e unha vez transaccionada á proposta de acordo que foi dictaminada favorablemente na Comisión Informativa de Servizos, prodúcese a votación que reflicte o seguinte resultado

VOTACIÓN

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 votos abstención
- Grupo Mixto-PSOE: 1 a favor

Polo tanto, con 11 votos a favor e 2 abstencións, adóptase o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar a adhesión ó CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AGASP (ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA), para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía Local e ás prazas de auxiliares de Policía Local ou ás prazas de vixiantes municipais, delegando na Administración Xeral da



Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do corpo de Policía Local do Concello e, no seu caso, ás prazas de auxiliares de policía local e ás de vixiantes municipais, por todo o tempo de vixencia do Convenio.

SEGUNDO: Habilitar á Alcaldía do Concello para levar a cabo cantas actuacións sexan necesarias para cumprir coas obrigas e compromisos derivados da adhesión ó presente convenio, levando con anterioridade á comisión de servizos, cuxo dictame será vinculante para a súa aprobación, o número e tipo de solicitudes que se van a presentar e a duración das mesmas.

TERCEIRO. Publicar o presente acordo, así como o texto do convenio, no Portal de Transparencia da sede electrónica do Concello:

[<https://outes.sedelectronica.gal/transparency>].

CUARTO. Remitir o presente acordo, así como canta documentación sexa necesaria para facer efectiva a adhesión pretendida, á Academia Galega de Seguridade Pública.”

3.- Expediente 225/2020. APROBACIÓN PARTICIPACION NO POS + ADICIONAL 1/2020

DEBATE

Comeza o debate o Sr. alcalde facendo unha breve exposición da proposta e tamén da distribución dos fondos asignados ao concello neste plan adicional 1.

Seguidamente toma a palabra a Sra. Molinos Vidal para manifestar o seu acordo con este plan.

Seguidamente a voceira do BNG, Sra. Suárez Castro, manifesta que está de acordo coa proposta pero tamén sinala que xa que traballaron conxuntamente na comisión do COVID-19, sería bo facer o mesmo neste tema co reparto das partidas orzamentarias.

Remata o turno de intervencións o Sr. Caamaño Lestón afirmando que é o momento de achegar todos e que sexa benvida esta axuda.

Finalizado o debate, prodúcese a votación, que amosa o seguinte resultado:

VOTACIÓN



- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo Mixto-PSOE: 1 a favor

En consecuencia, o Pleno da Corporación, vista a proposta con dictame favorable da Comisión Informativa de Servizos, por unanimidade dos presentes, procede á adopción do seguinte

ACORDO

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 1/2020” da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 da Deputación da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19.		42.132,68 €	
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a)Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia			
b)Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria			
c)Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.			



Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19.		42.132,68 €	
d)Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados			
e)Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario			
f)Adquisición de medios de prevención (EPI).	10.000,00	0	10.000,00
g)Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.	18.000,00	0	18.000,00
h)Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentales e monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesiten acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes	14.132,68	0	14.132,68
i)Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.			
T O T A L	42.132,68	0	42.132,68
2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.			

4.- Expediente 240/2020. APROBACIÓN NA PARTICIPACION NO POS + ADICIONAL 2/2020



DEBATE

- Introduce o punto o Sr. alcalde indicando que na proposta constan dúas obras cuxos proxectos xa foron aprobados no pleno de decembro de 2019 dentro do plan complementario do POS+ 2020. O resto do importe ata completar a cantidade asignada pola Deputación a este plan adicional 2 adicarase a financiar gasto corrente ante a nova situación provocada polo COVI-19, coa intención de ter un colchón orzamentario nestes tempos de incertidume.

Toma a palabra a Sra. Molinos Vidal sinalando que calquera actuación é necesaria, aínda que recorda que existe un acordo plenario para incluír obras propostas polo grupo do PP nos anos 20 e 21, das cales o grupo de goberno sólo incluíron 11 actuacións. Continua a súa exposición indicando que faltan 21 actuacións por incluír das acordadas e espera que dito acordo se cumpra xa que existe o compromiso de ter valoradas as pendentes a 31 de marzo pasado, aínda que entende que non se fixera debido ao estado de alarma. Remata a súa exposición preguntando cales foron os criterios de selección das obras a incluír neste plan tendo en conta que aínda quedan forma máis de 300.000 euros. Incide no inclusión de gasto corrente e recórdalle ao alcalde que cando estaba na oposición, o actual grupo de goberno criticaba a inclusión de dito gasto neste tipo de plans. Por último, recordalle ao Sr. Alcalde que arrisca moito traendo esta proposta un día antes do remate do prazo de solicitude non tendo maioría no Pleno.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal do BNG para sinalar que nesta proposta sólo recollen tres propostas das feitas polo seu grupo no acordo plenario de decembro pasado. Indica tamén que lle parece insultante que traian esta proposta ao Pleno un día antes do remate do prazo estando en minoría e aclara que non están en contra das melloras pero que estas non son as formas axeitadas.

O voceiro do Grupo mixto-PSOE, Sr. Caamaño Lestón sinala que está de acordo coas obras incluídas xa que recolle unha das propostas feitas polo seu grupo pero tamén lle advirte ao alcalde que teña coidado cos tempos e remata sinalando que espera tamén se inclúan as outras obras suas en futuros plans.

Toma a palabra o Sr. alcalde para contestar de maneira conxunta aos grupos da oposición para manifestar que non está de acordo en que non haxa consenso xa que tódalas actuacións acordadas están nos proxectos do POS+ 2020, neste plan adicional non se introduciron proxectos novos, non valoraron esta proposta na comisión correspondente. Remata sinalando que no tocante as valoracións pendentes o acordo segue vixente, pero polo estado de alarma non se poideron rematar as valoracións antes do 31 de marzo e, por último, considera que traer esta proposta ao Pleno é a opción máis democrática, xa que nas bases deste plan permite a posibilidade de adoptar os acordos por resolución de Alcaldía e, posteriormente, traelo ao Pleno para a súa ratificación.

No turno de réplica, toma a palabra a Sra. Molinos Vidal para sinalar que sobre a valoración das obras pendentes poderíase facer do 14 ao 31 de marzo, se xa estivera feito o traballo de campo e insiste na necesidade de consensuar as obras a incluír neste plan xa que o alcalde non lle comunicou nada da inclusión destes dous proxectos e



remata sinalando que o alcalde está arriscando ao non consensuar este tipo de cousas. Toma a palabra a Sra. Suárez Castro para indicar que na mesa de traballo non se especificou polo alcalde a escolla destas obras e, no tocante á valoración das obras mal iba a cousa se a 14 de marzo non tiñan nada feito. Remata este turno de réplica reiterando que poden votar en contra destas melloras pero que as formas por parte de alcalde non son as correctas.

Por parte do Sr. Caamaño Lestón sinálase que ao seu grupo tampou lle gustan estas formas.

Toma a palabra de novo o Sr. alcalde para contestarlle a Sra. Suárez Castro que lle excusa a súa opinión sobre as valoracións pendentes na súa falla de experiencia neste tema, xa que é necesario que vaian o técnico e o cargo político para facer as citadas valoración das obras e moitas delas xa están rematadas. Remata recordándolle ao Sr. Caamaño Lestón que poideron propoñer a inclusión doutras obras na comisión informativa.

VOTACIÓN

Finalizado o debate, prodúcese a votación, que amosa o seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo Mixto-PSOE: 1 a favor

En consecuencia, o Pleno da Corporación, vista a proposta do con dictame favorable da Comisión Informativa de Servizos, por unanimidade dos presentes, procede á adopción do seguinte

ACORDO

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	31.966,20 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:



Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
ACCESO A MOSTEIRO (SABARDES) E OUTRO	70.918,87	0	70.918,87 €
ACONDICIONAMENTO CAMIÑO DE OUSESENDE A DIZ (SAN OURENTE) E OUTROS	55.112,48	0	55.112,48
TOTAL	126.031,35	0	126.031,35 €

C) Resumo:

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes	31.966,20	0	31.966,20
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	126.031,35	0	126.031,35
Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	0	0	0
TOTAL	157.997,55 €	0	157.997,55 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.



B) ACTIVIDADE DE CONTROL

B.1) Expediente 192/2020. MEDIDAS PARA GARANTIR A SAUDE PÚBLICA. MEDIDAS ADOPTADAS POLA ALCALDIA NO MARCO DA CRISE SANITARIA POLO COVID-19

DEBATE

Toma a palabra o Sr. alcalde para facer un breve resumo das medidas adoptadas ante a crise provocada polo COVID-19, sinalando que as actuacións do concello artelláronse en 4 aspectos fundamentais:

1º) Medidas para o funcionamento da administración municipal: creación da Comisión de seguimento do COVID-19 coa participación dos grupos municipais, a suspensión das actividades deportivas e culturais xa dende o 13 marzo, a concesión dun permiso retribuíble e recuperable aos traballadores municipais dos servizos afectados, coa posterior reincorporación progresiva dos mesmos con previo acordo cos seus representantes sindicais e tamén a progresiva apertura dos centros socioculturais coa mellora da situación

2º) Medidas a favor da poboación, especialmente as persoas en risco de vulnerabilidade, nas que destaca o servizo de compra de produtos básicos a domicilio e o reparto de material escolar, entre outras.

3º) Medidas para paliar os efectos sanitarios, na que destaca os traballos de desinfección por parte de persoal do concello de vías públicas, accesos a locais e edificios públicos, etc.

4º) Medidas para paliar os efectos económicos da pandemia, neste campo destaca o servizo de asesoramento do técnico local de emprego e a técnica de orientación laboral aos sectores produtivos afectados, medidas de carácter fiscal tales como a suspensión do cobro de taxas e impostos municipais e tamén o deseño, a través da Comisión de seguimento, de medidas de recuperación económica do tecido económico de Outes: campaña de promoción do comercio, promoción do sector turístico, convocatoria de axudas económicas directas, etc.

Remata a súa exposición indicando o agradecemento a tódalas persoas que traballaron na loita contra esta pandemia e de maneira especial, as empresas e particulares que doaron material, xunto coa Xunta e a Deputación.



Toma a palabra a Sra. Molinos Vidal que a dación de contas deste tema podería ser máis extensa, pero que xa os veciños dirán.

Toma a palabra a voceira do BNG, Sra. Suárez Castro para indicar que na mesa de traballo participaron tódolos grupos e sacáronse cousas adiante, pero vota en falta recoller algunhas medidas de evidente necesidade, tendo en conta as grandes diferenzas de vivir na Serra ou nas aldeas e non cree que as axudas chegaran a tódolos veciños e pon como exemplo que se esqueceron os alumnos de bacharelato xa que moitos perderon o curso ao ter clases por internet. Remata a súa intervención sinalando que non se valorou polo grupo de goberno a posta en marcha dun servizo de atención psicolóxica, máis ben optaron polas medidas mais vistosas. Por último, indica que censo non recolle a realidade da situación real dos maiores, pero aínda así, fai unha valoración positiva das medidas adoptadas.

Remate o debate sobre este punto, tomando a palabra o Sr. Caamaño Lestón para indicar a mesa de traballo foi un exemplo das cousas que se poden facer se traballamos todos xuntos e que o alcalde debe tomar nota desto porque é a maneira de acadar consensos.

B.2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA

Non se producen intervencións

MOCIÓNS DE URXENCIA

O Sr. Alcalde pregunta aos demais grupos municipais se teñen alguna moción de urxencia ao que indican que non, polo que non se presenta ningunha.

B.3.- ROGOS PREGUNTAS.

- DO PLENO ANTERIOR. (ordinario de febreiro de 2020)

- DO PP:

1. Durante parte do verán/outono do ano pasado, estivo traballando para o Concello un informador turístico compartido con outros Concellos limítrofes:
 - Cal foi o período de tempo que traballou no noso Concello?
 - En que dependencias prestou os seus servizos e con que horario?
 - A que actividades turísticas se dedicou neste tempo?
 - Cantas persoas visitantes do noso Concello se atenderon namentres durou o servizo e cantas delas participaron no programa “Vivir o marisqueo”?

Contestación do Sr. alcalde:



Foi compartido a efectos formais, traballou do 1 de agosto ao 30 de novembro (no Centro Náutico ata ó 30 de setembro e o resto na Casa do Concello. Adicouse á atención aos visitantes, organizou visitas guiadas, eventos e fixo tarefas de gabinete e de elaboración dunha guía turística. Atendeu a 232 persoas e no programa “Vivir o marisqueo” participaron 12 persoas.

2. Reiteran a pregunta feita no pleno ordinario de xaneiro respecto do contrato de “APERTURA, ARRANXO E LIMPEZA DE CUNETAS MUNICIPAIS”, xa que consideran que non foi contestada, resaltando que se trata dun contrato de máis de 16.000 euros.

Resposta do Sr. alcalde:

Fixéronse traballos de limpeza, entre outros, en Outón, Moledo, Vilar de Cando, Lantarou, quedando algunha pendente polas inclemencias metereolóxicas.

Toma a palabra a Sra. Molinos Vidal para sinalar que foi pagada a factura ó 3 de abril, polo que deduce que se abonou sen ter rematados os traballos e que debería pedir un informe ao servizo de Intervención para saber si se pode pagar unha obra ou servizo antes de estar rematado.

Replícalle o Sr. alcalde indicando que se pagou porque o que falta por realizar unha mínima parte que non poido facer polo mal tempo e despois polo estado de alarma e que considera importante apoiar ás empresas locais, especialmente neste tempo de crise.

- DO PSOE:

1. Que porcentaxe de vehículos de tracción mecánica pagou o imposto o ano pasado?

Resposta do Sr. alcalde:

Cobráronse 4.757 recibos o que representa ó 86,50 % do padrón fiscal.

2. Como está o tema dos desfibriladores? Moción presentada polo PSOE e aprobada no pleno, tres meses antes.

Estaba pendente de instalar ó do pavillón, a día de hoxe xa foron adquiridos e instalados, ademais do citado, un na piscina e outro na base de Protección Civil.

Toma a palabra o Sr. Caamaño Lestón para indicar que se alegra, pero recorda que se fixo fora do prazo recollido na moción aprobada.

DO PRESENTE PLENO:

- DO BNG (Formuladas por escrito, Rexistro entrada 27/05/2020).

- Chegáronnos queixas por parte dos veciños de Fontenlos de que existe unha disputa coa granxa que se está a construír en dito lugar xa que parece ser que está a invadir terreos alleos. Ten constancia o goberno destas queixas? Si é certo comprobouse a veracidade?.



Contesta o Sr. alcalde que non teñen constancia dese asunto.

-Cando estaban na oposición unha das súas maiores críticas era o abandono dos espazos públicos e acceso ás aldeas, cousa que nos tamén compartimos. A día de hoxe, por desgraza, non fixeron caso das súas propias críticas e o concello segue completamente abandonado. Cando pensan organizar o traballo de limpeza dunha vez por todas? Cando pensan comezar a limpar os espazos públicos e accesos ás aldeas?.

Resposta: son conscientes deses problemas, o plan de limpeza establecido de vías públicas sufriu un retraso polo COVID-19, xa comenzaron de novo os traballos de limpeza e está a punto de rematarse o proceso de selección de 2 tractoristas que tamén se viu interrompido polo estado de alarma.

Toma a palabra a voceira do BNG, Sra. Suárez Castro, para sinalar que espera que se organice dunha vez os traballos de limpeza xa que os veciños teñen dereito a que os accesos estén limpos todo o ano.

O goberno local de Outes aprobou unha moción do BNG comprometéndose a loitar polos intereses da veciñanza por riba dos proxectos eólicos que hai no noso concello. Nestes últimos meses nos que o goberno da Xunta permitiu, escandalosamente, que estas empresas sen escrúpulos seguiran cos seus procedementos escuros no vimos traballo ningún por parte do goberno local. A que se debe isto? Cando pensas actuar antes de que sexa demasiado tarde? Non actuaron por algún interese que descoñecemos? En que punto está a tramitación do parque eólico San Cosmeiro?.

Resposta: o concello tivo a última reunión cos veciños ó 14 de febreiro, o traballos sobre o impacto ambiental seguen avanzando, aínda que se viron interrompidos polo estado de alarma. Non hai ningún tipo de interés oculto por parte do goberno local. No tocante ao parque San Cosmeiro esta aberto o prazo de alegacións, o concello recibiu a información ó 16 de abril e ten un relación fluida cos afectados e coa plataforma que os representa e recorda que o tamén se puso a disposición dos afectados os recursos xurídicos necesarios.

Toma a palabra a Sr. Suárez Castro para sinalar que existe outra plataforma que defende aos veciños de Banzas.

Resposta o Sr. alcalde que non lle consta esa segunda plataforma pero que de todas formas teñen relación fluida cos afectados e que se os veciños non fixeran alegacións o concello si as fará. Tamén indica que hai boa comunicación cos concellos de Mazaricos e Negreira para actuar conxuntamente, e por último, indica que o problema de fondo é o marco regulatorio da Xunta.

-A corporación local aprobou a finais do ano pasado unha moción do BNG para o comezo da tramitación do monte da pena como espazo protexido. Nesa moción había un apartado no que se daba un prazo de dous meses para actuar e informar á mesma corporación. Por que non se informou, incumplindo así o aprobado? Que se fixo ao respecto? Iniciouse algún trámite?.



Resposta: o concello encargou a un biólogo o estudo do tema para pedir a declaración de espazo local protexido, aínda que os traballos retrasáronse polo estado de alarma.

- PREGUNTAS ORAIS A CONTESTAR NO PLENO SEGUINTE:

-Formuladas polo Grupo municipal do Partido Popular:

1ª) Nunhas declaracións ao diario La Voz de Galicia do pasado 5 de maio, dentro dunha noticia sobre o que levan gastado os concellos en combatir o COVID 19, manifesta vostede o seguinte: " o maior desembolso realizado ata a data, uns 15.000 € en total, está relacionado co persoal: "Temos traballadores adicados a tempo completo á desinfección de espazos públicos e reparto de material".

1.- Cantos traballadores do concello estiveron adicados a estas tarefas fora do seu horario habitual, dende o comenzo do estado de alarma ata a data das súas declaracións?.

2.- Cantas horas a maiores das habituais se fixeron nese mesmo período?.

3.- Cal foi a distribución deses 15.000 €?.

4.- Se ese foi, según a mesma noticia, o maior desembolso, cales foron os outros gastos financiados con fondos propios e a que estiveron adicados?.

2ª) No tocante a factura de arranxos e limpeza das pistas municipais. Por qué non se fixeron as certificacións do traballo feito antes de pagar a factura?

3ª) Pregunta/rogo: ó 4 de febreiro pediron o proxecto do IDAE e aínda non llo diron. Por que?.
Roga que llo faciliten o antes posible.

Formuladas polo Grupo municipal do BNG:

1ª) Na mesa de traballo sobre o coronavirus falou de facer unha campaña de promoción do turismo. Non cree vostede que vai tarde?

2ª) Que medidas pensa adoptar para controlar o aforo nas praias e nos espazos públicos?

Formuladas polo Grupo municipal do PSOE-Grupo Mixto:

1ª) Está en marcha a selección de operarios do Plan de Inserción Laboral da Deputación? Teñen en conta a reserva de algunha praza para persoas con discapacidade?

Remata a sesión ás 22:40 horas do que, como Secretario, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A gravación do presente Pleno pode consultarse por medio da seguinte ligazón:

<https://www.youtube.com/watch?v=9EDE0tiVruQ>

